RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS PARA O NOVO ACCESO AO CEIP "PÁRROCO DON CAMILO", EN SAN ANDRÉS DE COMESAÑA, NO CONCELLO DE VIGO

Promotor e órgano substantivo: Concello de Vigo
Expediente: 2021AAE2592

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

1. O concello de Vigo dispón dun Plan xeral de ordenación urbana (PXOU) aprobado definitivamente o 29.04.1993 por acordo do Consello da Xunta de Galicia. Este plan recobrou a súa vixencia tras a Sentenza 4858/2015 do Tribunal Supremo que ditou a nulidade do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente mediante as Ordes do 16.05.2008 (de forma parcial) e do 13.07.2009 (de forma completa).
2. O día 24.07.2019 o Pleno Municipal aprobou o Instrumento de ordenación provisional do concello de Vigo (DOG nº160 do 26.08.2019 e BOP nº181 do 20.09.2019), o cal non afecta ao ámbito do presente plan especial.
3. O 13.07.2021 recibiuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Vigo no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña" (PEI). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento. O 21.07.2021 recibiuse a documentación completa para poder iniciar a tramitación ambiental.
4. O 22.07.2021 este órgano ambiental iniciou un período de consultas pública dos documentos recibidos a través do portal web e consultou ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas para que, no prazo de 30 días hábiles, formulasen as observacións e suxestións que considerasen oportunas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
2. Debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión (artigo 46.2.b da LSG).
3. A LSG establece tamén (artigo 75.3.b) que o órgano ambiental, antes de emitir o informe ambiental estratéxico, consultará ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas; estas deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025
CVE: iAGbmmlGf8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Ámbito de actuación e principais características ambientais

Ámbito de actuación: recinto de terreo situado na parroquia de Comesaña ao suroeste do polígono industrial de Balaídos. Abrangue unha superficie de 3.776 m^2, conformando unha franxa lonxitudinal que parte da estrada PO-552 (estrada de Camposancos) ata o lateral oriental do CEIP Don Camilo.

Os terreos están clasificados no vixente PXOU case que na súa totalidade como solo urbanizable programado 07.08.Igrexa 2B (B/SUP/PP/1), quedando unha pequena parte ao nordés do CEIP incluída en solo de núcleo rural (07/01/Igrexa/C).

Características ambientais da área probablemente afectada:

Os terreos delimitados forman parte da contorna rururbana da cidade de Vigo, na zona suroccidental. Trátase dunha zona eminentemente residencial, na que predominan as vivendas unifamiliares mesturadas con zonas de cultivo e prado, moi próxima a diferentes instalacións comerciais e industriais (entre outras, as do polígono industrial de Balaídos).

O ámbito de actuación esténdese dende o centro educativo ata a estrada PO-552 (estrada de Camposancos). Actualmente o único acceso do que dispón o CEIP é un vial de 4,30 m de sección que parte da estrada Matamá-Pazo –ao sur do ámbito– que conforma unha plataforma única sen beirarrúas para o acceso peonil.

Nin no ámbito nin na súa contorna inmediata, moi antropizada e transformada urbanísticamente, existen espazos naturais de especial interese. Atendendo á información do Plan Básico Autonómico, tampouco hai bens do patrimonio cultural catalogados que poidan verse afectados polo plan.

Ámbito do plan especial

CVE: iAGbmmlGf8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Non se detecta a existencia de riscos que podan afectar ao ámbito de actuación. Ademais, o plan emprázase nunha zona que está fóra do ámbito de aplicación do Plan de ordenación do litoral de Galicia.

O ámbito dispón de acceso ás infraestruturas de servizos municipais de abastecemento e saneamento, toda vez que discorren pola estrada PO-552.

2. Características do plan especial

Obxecto: Crear un novo acceso rodado e peonil ao CEIP Don Camilo, que permita resolver os problemas de seguridade viaria existentes no actual acceso ao centro. Complementariamente, preténdese incorporar á parcela do centro educativo uns terreos co obxectivo de regularizar o seu deslinde actual e contribuír á mellora da accesibilidade.

Alternativas e proposta: Foron formuladas catro alternativas para o desenvolvemento do PEI, que propoñen o acceso ao centro dende diferentes puntos: a alternativa 1 propón o acceso polo sur -pola estrada Matamá-Pazó-, as alternativas 2. e 3 polo leste -pola zona alta e baixa do camiño Pedreira respectivamente-, e a alternativa 4, a finalmente seleccionada, pola estrada de Camposancos (PO-552), situada ao norte.

O planeamento propón a creación dunha novo viario con dobre sentido de circulación, que parte da estrada autonómica PO-552 en dirección sueste e remata nunha rotonda na que se localizan as zonas de parada de autocares. A nova vía, duns 120 m de largo e 16 m de ancho, contempla nas súas marxes beirarrúas, 32 prazas de estacionamento de vehículos e a disposición de arboredo perimetral. Na vía prevista proxéctase a execución dunha nova rede de pluviais.

Ademais, proponse incorporar á parcela do CEIP unha área de 644m² situada no extremo sur do ámbito delimitado.

Proposta de ordenación

3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe ambiental estratéxico:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do territorio e urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	

CVE: iAGbmmlGf8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Asemade, o borrador do plan mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Recibiuse un comentario por parte dun particular.

O promotor deberá considerar na elaboración do plan as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas, e para elo achégase o texto íntegro recibido. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas:

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
Informa que o PEI constitúe un instrumento adecuado para o obxectivo marcado, e fai algunhas observacións ao respecto do contido cartográfico da documentación e sobre a adaptación da mesma ás Normas Técnicas de Planeamento.

Instituto de Estudos do Territorio
O plan especial de infraestruturas non presentará unha forte incidencia paisaxística, toda vez que as obras que se pretenden executar son coherentes coas características paisaxísticas da contorna, podendo supoñer unha mellora na paisaxe urbana da zona ao dotala dunha infraestrutura que reduciría a intensidade circulatoria nas vías de menor sección empregadas ata o de agora para o acceso ao centro educativo.

Particular
Suxire un pequeno cambio no trazado da vía proposta para que esta non afecte a parte dunha parcela da súa propiedade.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

O PEI prevé crear un novo viario que mellore a accesibilidade ao CEIP "Párroco Don Camilo" e, complementariamente, ampliar lixeiramente a parcela do centro educativo.

O planeamento non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras do novo viario e non inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental.

O novo viario proxectado implicará un novo consumo de solo, no entanto os efectos sobre esta variable non se consideran significativos pola reducida extensión territorial da actuación no contexto municipal e a contorna rururbana na que se insire.

Non se agarda que as actuacións previstas vaian ter especial incidencia na paisaxe, xa que non transformarán significativamente nin o tramado urbano existente nin a configuración paisaxística da zona. No entanto, de acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, deberá incorporar un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan especial (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado.

Toda vez que se trata dun ámbito inserido no tramado urbano, moi antropizado e plenamente urbanizado na súa contorna, afastado de espazos naturais protexidos ou de especial interese, non se prevén afeccións ao patrimonio natural.

Tampouco se detecta a existencia de elementos do patrimonio cultural de especial interese ou catalogados, nin riscos que podan afectar ao desenvolvemento do plan.

Agárdanse efectos positivos en materia de mobilidade, ao favorecer a proposta a desconxestión de parte do tráfico que discorre polo Camiño Pedreira e a estrada Matamá-Pazó, facilitando un novo acceso ao CEIP así como a incorporación de prazas de aparcadoiro público.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025
CVE: iAGbmmlGf8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Á vista do exposto, non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos como consecuencia do desenvolvemento do plan.

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o "Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña", no concello de Vigo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o "Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña", no concello de Vigo, posto que non se prevén efectos ambientais significativos.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave), e remitirase ao Concello de Vigo xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos de non aprobar o plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do plan especial (artigo 31.5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Asinado por: PAZ CORNES, MARIA CARMEN
Cargo: Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans
Data e hora: 27/09/2021 15:59:52
Asinado por: PEREZ CASTELLANOS, SAGRARIO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 27/09/2021 22:51:23
Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025
CVE: iAGbmmlGf8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve